

Traballo de avaliación do 3º trimestre. Algunhas necesidades de mellora.

## 1. Principais eivas detectadas

### Ausencia de estrutura e formato de traballo académico.

- Non se solicitaba unha composición dun xénero concreto, senón un traballo académico con distinción do tipo expositivo e do argumentativo. En moitos casos non se lles dedica sequer apartados específicos.
- A portada ou, no seu defecto, a especificación do título no inicio, faltou en moitas das entregas.
- Debería consultarse a *Guía para a elaboración e presentación de traballos escritos*, froito dos Acordos TIL deste IES, en [edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1233](http://edu.xunta.gal/centros/iesmilladoiro/node/1233). Nel especificanse cuestións como os apartados precisos, as marxes e o tipo de letra recomendados, etc.

### Presenza “abusiva” do emisor na exposición.

- Unha exposición precisa da ocultación do emisor, é evidente. Neste caso presentábase a dificultade de amosar feitos que protagonizaba quen redactaba. Mais boa parte da ciencia constrúese a partir da experimentación da persoa investigadora e esas prácticas transmítense expositivamente. Temos para iso recursos como as construcións impersoais (por exemplo, “logo pedíuselle ao Chat”) ou o plural de modestia (“logo pedímoslle ao Chat”).
- En calquera caso, non é procedente inserir nunha exposición fórmulas de opinión como “non me pareceu correcto”, “creo que non era correcto”, etc.

### Falta de estrutura na argumentación.

- Un artigo de opinión (xénero textual que se requiría nas indicacións do traballo) non pode liquidarse cun parágrafo ou dous. Tal cousa constituirá un comentario das redes sociais ou unha postura, mais non un artigo.
- Mesmo os artigos xornalísticos en columna ou recadro reducido seguen -polo xeral- a estrutura típica: introdución, corpo argumentativo, conclusión.

### Ausencia de parágrafos axeitados.

- Hai traballos con apartados que non conteñen parágrafos (ou que teñen só un, se se prefire velo así). E hai parágrafos que están constituídos, segundo a puntuación, por unha única oración. En xeral, cada parte dun traballo ou calquera xénero textual debe compoñerse de diversos parágrafos, de tres a quince liñas cada un.
- Recoméndase ler o anexo deste documento sobre este aspecto.

## **Ausencia dunha puntuación axeitada e que cohesione o texto. Problemas sintácticos en relación coa cohesión: oracións longas en exceso, anacolutos, etc.**

- Evitemos, de principio, redactar máis alá de tres ou catro liñas sen inserir un punto e seguido. Só no caso dunha enumeración complexa poderemos empregar punto e coma en máis liñas.
- A puntuación debe acompañar unha lectura fluída, polo que pode ser de gran axuda comprobar se esta se produce co noso texto.
- Faise imprescindible unha revisión dos nosos escritos que atenda, máis alá da corrección, a claridade da expresión. Queda claro o que quero dicir? Uso oracións breves e ben conectadas, que eviten a confusión no receptor? Podo reordenar os sintagmas ou inserir puntos e seguido para mellorar a construción dalgunhas oracións?

## **Interferencias continuadas.**

- Non son admisíbeis aqueles erros nos que se incide constantemente nas aulas e que transmiten un desleixo nos usos lingüísticos; cousa que, ademais, sempre penaliza.
- Convén procurar fontes de información na mesma lingua na que debemos redactar. E procurar que sexan fiábeis e de calidade, tamén lingüisticamente.
- Recoméndase empregar algún corrector de textos (en liña para o galego, en <https://ilg.usc.gal/corrector/index.php> ) e fixarse nas propostas que nos ofrece. Detectaranos a maioría das interferencias.

## **2. Criterios principais que se tiveron en conta na avaliación do traballo**

- **Interaccións diversas con ChatGPT e que permitan poñer a proba as súas capacidades.**
- **Exposición con estrutura e recursos propios deste tipo textual.**
- **Axuste ao formato académico e corrección textual.**
- **Achega ordenada de datos e mais de conclusións.**
- **Texto argumentativo identificábel e coa estrutura típica.**
- **Enunciado claro da tese, marca da opinión persoal.**
- **Defensa da postura adoptada, argumentario mínimo.**

## **3. Algunhas conclusións e recomendacións**

- **Un dos obxectivos do traballo era decatarse de que temos novas ferramentas que, ben empregadas, poden axudarnos a construír textos típicos, mais só a lectura e a práctica constante permiten compoñer de xeito persoal, creativo, crítico e ben axustado aos nosos obxectivos comunicativos.**
- **Convén ler -máis- bos modelos textuais e fixarnos na súa construción, nas estratexias que seguen, nos mecanismos de cohesión que empregan, etc. Nesa liña están, polo xeral, os textos xornalísticos (especialmente da prensa escrita), os artigos científicos divulgativos ou as narracións literarias. Non só nos axudarán a percibir e comprender a realidade ou a modular a expresión, senón tamén a exercer o espírito crítico.**


- **Un traballo académico ou unha composición argumentativa esixen un labor inicial de pescuda e documentación, que nunca debe limitarse a unha única “fonte de información”. Como mínimo, requiren unha organización previa das nosas ideas. Mais debemos asemade acadar a apreensión suficiente do tema e unha mínima seguridade na nosa perspectiva para non depender de ideas e fórmulas tomadas directamente da(s) fonte(s), para saber compoñer o noso propio texto.**
- **Independentemente do tempo e esmero que se lle dedique a un traballo coma este, é fundamental transmitir capacidades de análise e de produción textual. O importante non é reproducir ideas soltas ou contidos -tal que nun exame-, senón demostrar que se sabe percibir causas e consecuencias e que somos quen de enfiar un discurso claro.**
- **Un traballo con entrega dixital nunha aula virtual como a nosa dificulta e mesmo impide realizar correccións. Aqueles poucos alumnos que entregaron en papel si levan marcas que orientan as melloras necesarias, aínda que sexa moi común que non se atendan. En todo caso, é importante facerse consciente dos atributos que deberan estar presentes na redacción: parágrafos axustados, cohesión, corrección, etc.**

#### 4. Exemplos (positivos)

A seguir reproducense algúns dos traballos mellor valorados, para percibir calidades mais tamén para advertir certas necesidades de mellora.

Antes, inclúense uns exemplos para reflexionar sobre o valor dunhas oracións e duns parágrafos ben construídos.

## Sobre os enunciados



Para comparar:

*Unha **oración** con moitas palabras, na que se van engadindo complementos de determinados núcleos, sobre todo incisos que pretenden precisar e que acaban converténdoa en complexa, pois inclúe dentro de si outras oracións que complican a expresión e agachan a mensaxe principal, de xeito que obrigan mesmo a facer varias lecturas para entender as ideas -xa non digamos se está puntuada dun xeito deficiente-, **constitúe**, como esta mesma que se emprega de exemplo -e hainas bastante peores, máis longas aínda e con partes sen conectar ou sen rematar-, unha auténtica demostración de que, se non coidamos a presentación das nosas ideas e as imos acumulando sen xeito, podemos complicarlle o labor ao lector ou lectora e facer que perda completamente o fío -se non o perdemos nós- e tamén o seu suposto interese polo tema que abordamos.*


Unha **oración** con moitas palabras **dificúltalle** o labor aos lectores, sobre todo se a puntuación é deficiente, e mesmo pode provocar a perda de interese polo tema. Esa excesiva extensión adoita deberse ao engadido de complementos e incisos explicativos que complican a expresión. A consecuencia é a acumulación desordenada de ideas e a dificultade para captar a mensaxe principal.

Para mellorar:

*A xefa provincial de Tráfico Belén Santamaría acudiu onte á Pobra do Caramiñal a un dos controis instalados no Barbanza, concretamente na AC-302 preto do Polígono industrial da Tomada do concello, onde sinalou que a campaña de vixilancia actual do Nadal se superpón a outras que xa se realizan habitualmente para detectar alta velocidade ou consumo de alcol e drogas en condutores, aínda que neste caso ten lugar en estradas secundarias nas que en 2014 se produciu o 78% dos accidentes mortais.*

O parágrafo pode facerse máis lexíbel redactando tres oracións que comecen por **A xefa provincial de Tráfico,...** **Alí sinalou que...** **Neste caso, ...** Asemade evitaremos as ambigüidades e puntuaremos ben.

# CHAT GPT




## [Olló: Sen sinalar erros nin información falsa]




Chat GPT é un prototipo de intelixencia artificial desenvolvida en 2022 por OpenAI que especialízase no diálogo. Experimentar coa intelixencia artificial pode servir ademais de para entender como funciona, para aprender a utilizala de un modo responsable e apreciar os cambios que conlevan este tipo de intelixencias non so no ensino, senón nas formas de realizar traballos e de buscar información. Para utilizala, o primeiro que tiven que facer foi rexistrarme co meu correo. Unha vez feito isto, aparece na pantalla unha barra para escribir e alí e onde lle indicas as túas preguntas ou peticións a esta intelixencia artificial.


O primeiro que lle pedín en relación ca materia do último exame, foi que me dixera cinco poetas da literatura galega do século XIX ao que me contestou citando a: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Manuel Murguía e Curros Enríquez. Todos eles acompañados dun pequeno fragmento no que explica un pouco sobre eles e menciona as súas obras máis importantes.




Tamén relacionado ca materia de lingua galega e co traballo do anterior trimestre pedílle que me fixera unha antoloxía temática sobre Eduardo Pondal ao que esta contestou citándome algúns datos sobre Pondal entre eles que é coñecido por ser o autor da letra do himno galego e tamén polo seu compromiso coa reivindicación da lingua e cultura galega. Despois desta breve introdución, o chat comeza a citar obras de Pondal, menciona cinco concretamente: *“Aires da miña terra”*, *“Galicia, adiós”*, *“As barcas do mar”*, *“Os Pinos”* e *“O beixo e a rosa”*. En cada un nombra a data de publicación, de que trata e o que defende o autor nese poema.



Para probar con algunha cuestión relacionada con outra temática pedinlle que me fixera un comentario de texto sobre o marxismo tal e como tivemos que facer en historia. Ao que me contestou cun comentario de pouca extensión pero que recolle as ideas mais importantes e que explicáronos nas clases.



Nesta ultima cuestión, pregunteille sobre Harry Potter xa que son unhas películas que me gustan moito e das que teño bastantes coñecementos. Pregunteille como se chama a poción que toman os protagonistas de Harry Potter na segunda película para cambiar de forma. E contestoume que era a poción Multixugos, resposta correcta. Ademais explica un pouco sobre esta poción e o contexto sobre a película para entender porque os protagonistas a toman.



Outras experiencias de manexo coñecidas similares ao chat GPT son: Google Bard, Youchat, ChatSonic, Bloom, 5.Perplexity AI. Esta é a primeira vez que emprego una intelixencia artificial polo que non sei se as outras funcionan igual de ben que o Chat GPT nin se son igual de útiles. Google di que son aplicacións similares polo que a forma de uso non debe cambiar moito.

En definitiva, o chat GPT é útil porque pode xerar respostas apropiadas para unha gran variedade de propósitos ao ser capaz de responder preguntas, proporcionar información e realizar tarefas como a creación de textos. Polo xeral é unha ferramenta útil para aqueles que buscan unha fonte de información pero, iso si, é importante ter en conta que, como a intelixencia artificial e un modelo de robot, pode que non sexa 100% preciso con determinadas respostas polo que hai que utilizar a información con criterio e sentido común.

## SEREMOS REEMPLAZADOS?

Todos e todas debemos admitir que hoxe en día dependemos da tecnoloxía para a nosa vida diaria. Quen somos os humanos sen enviar unha foto, chamar por teléfono, mandar mensaxes ou incluso sen publicar algo nas redes, eu dígocho, non seríamos nada ou digo mais incluso, non poderíamos vivir sen elo.

De acordo cas novas innovacións no campo da tecnoloxía, as intelixencias artificiais son un dos avances tecnolóxicos mais significativos nas últimas décadas e, convertéronse nunha ferramenta cada vez mais común na transmisión de información e na composición de textos. A medida que as tecnoloxías avanzan, as posibilidades de creación de novas intelixencias artificiais crecen, e moitas persoas pregúntanse se isto é algo positivo ou negativo.

Por unha parte penso que as intelixencias artificiais poden ser moi útiles na transmisión de información. A configuración ca que contan pode clasificar e organizar grandes cantidades de información en un curto período de tempo, o que permite tanto a estudantes, como a profesións que requiren de investigación como os periodistas adquirir información con maior rapidez xa sexa tanto para un traballo de lingua como para un artigo do periódico.

Ademais, as intelixencias artificiais poden ser útiles na composición de textos. Na actualidade, existen moitos programas que poden escribir comentarios, artigos... completos e de maneira autónoma, o que pode ser beneficioso para aqueles que necesiten crear textos e que non teñen tempo para facelo ou carecen de habilidades para escribir.

Sen embargo, tamén podemos observar que existen preocupacións sobre o uso da intelixencia artificial na transmisión de información e na composición de textos. Algunhas persoas creen que o uso excesivo de esta tecnoloxía pode levar a eliminación de traballos que anteriormente eran realizados por seres humanos. Ademais de que, penso que debemos ter en conta que a intelixencia artificial carece de creatividade, empatía, xuízo... que na hora de escribir textos só o ser humano pode proporcionar.

Polo tanto, creo que é importante que se tomen medidas para garantir que a intelixencia artificial se utilice de maneira responsable e ética. Considero que tal e como están avanzando estas tecnoloxías, os gobernos deben ter en conta os riscos e as consecuencias da intelixencia artificial e adoptar medidas para poder minimalos e aumentar así os beneficios que esta nos pode proporcionar. É importante establecer regulacións para a aplicación da intelixencia artificial e ademais, é fundamental que se empregue para mellorar as nosas vidas, non para empeoralas.

Debemos ter en conta que aínda que as intelixencias artificiais poden ser unha ferramenta moi útil, nunca deben reemplazar por completo o ser humano. En lugar de



iso, creo que deben ser vistas como unha ferramenta complementaria que pode axudar as persoas.

En resumen, as intelixencias artificiais teñen unha utilidade importante na transmisión de información e composición de textos. Sen embargo o seu uso debe ser consciente e nunca deben ser vistas como reemplazo completo para o traballo humano. Debemos encontrar o equilibrio entre tecnoloxía e traballo humano para podermos aproveitar ao máximos os beneficios das Intelixencias artificiais.

# INFORME

## SELECCIÓN DA LITERATURA XUVENIL ESCRITA NO SXXI A TRAVÉS DO MANEXO DO CHAT GPT

Docente: Xano Cebreiro

Alumno:

Data: 7 maio, 2023

### Xustificación e contexto

O proxecto xorde ante a irrupción da Intelixencia Artificial no ensino, a través de chatbots, como o Chat Gpt,, para a realización de tarefas escolares e apoio ás materias. Os chatbots (bots conversacionais) son programas que integran Intelixencia Artificial e que son capaces de simular ou manter certo nivel de conversación coas persoas. O Chat Gpt ten unha gran variedade de aplicacións prácticas, tales como:

- Xeración automática de textos: traballos, informes, correos electrónicos...
- Tradución de linguas.
- Solucionar ecuacións matemáticas.
- Editar e resumir traballos de investigación.
- Facer recomendacións, clasificar e explicar, etc.

Co obxectivo de probar o manexo do Chat GPT sobre un produto escolar, o alumno realizou unha busca de información para unha actividade trimestral de Lingua Galega de 1º de Bacharelato.

NECESIDADES DO ALUMNO	OBXECTIVO DO PROFESOR
<ul style="list-style-type: none"><li>• Realizar o traballo asignado polo profesor, experimentando coa Intelixencia Artificial.</li><li>• Aplicar os resultados nun artigo de opinión.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Fomentar a aprendizaxe e o pensamento crítico.</li><li>• Evaluar o traballo individual de cada alumno.</li></ul>

- Alumnos da modalidade de Ciencias para a materia de Lingua e Literatura Galega de 1º de Bacharelato no IES O Milladoiro.
- O alumnado da clase de Bacharelato de 1º ten acceso ás novas tecnoloxías e atópase familiarizado co uso do Chat GPT.

## **Fundamentación teórica**

O uso de ferramentas de Intelixencia Artificial, como o Chat GPT, é un tema de gran actualidade e controversia nos colexios, con defensores e detractores. Co apoio da devandita aplicación, trátase de fomentar no alumnado o espírito crítico e a capacidade de análise, para obter os resultados precisos para a realización das tarefas propostas polo profesor.

## **Obxectivos do proxecto**

### **OBXECTIVO PRINCIPAL**

Reflectir a experiencia no manexo do Chat GPT para realizar un traballo escolar.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Avaliar os resultados para establecer unha conclusión sobre a utilidade da ferramenta.
2. Obter argumentos sólidos de experiencia e de feitos para elaborar un artigo de opinión.

## **Aspectos metodolóxicos**

O enfoque metodolóxico que se empregou foi o de traballo por fases, de acordo co cronograma de actividades. Prevéronse catro fases de traballo:

Fase I: Elaboración das instrucións iniciais empregadas para determinar o criterio de busca da información.

Fase II: Elaboración das sucesivas peticións dadas para ampliar a perspectiva de da busca segundo os resultados amosados.

Fase III: Recompilación das diferentes respostas e análise dos datos.

Fase IV: Outras experiencias de manexo coñecidas.

## **Descrición e análise da experiencia por fases:**

### **Fase I- Instrucións empregadas**

O alumno determinou realizar unha busca relativa á materia de Lingua Galega, neste caso, unha selección da literatura xuvenil en galego publicada no século XXI.

### **Fase II- Sucesivas peticións dadas**

A partir da información recollida no texto que se xera inicialmente, onde aparecen unha serie de autores e editoriais, iníciase unha busca máis pormenorizada das editoriais galegas que poden conter novas publicacións, a través do comando *Detail:n*. (Exemplo: *Detail: libros xuvenís galego sXXI Edicións Baía*). O resultado é que todas as editoriais ofrecen libros en común entre elas e co listado inicial, aínda que, dependendo da editorial, poden aparecer un ou dous libros

novos en cada listaxe. Tamén se utiliza o mesmo comando no caso dos autores.

Seguidamente variase a formulación da pregunta inicial, para comprobar se se amplía a selección orixinal: libros escritos en galego para mozos a partir do ano 2000. A resposta ofrece algúns dos autores previos pero tamén bastantes autores diferentes.


Outra petición similar: que libros xuvenís sobresaen en Galicia na primeira década do século XXI, mostra similares resultados aínda que inclúe varios clásicos galegos reeditados, como “A esmorga”, de Blanco Amor ou “O bosque animado” de Wenceslao Fernández Flores.

Se realizamos a busca por premios recibidos, resulta curioso que só un dos libros premiados aparece nas seleccións previas. Identifícanse autores das listaxes anteriores, pero con libros distintos, e outros autores novos. Se prememos o comando *Rexenerar resposta*, o resultado varía, con autores coñecidos e libros diferentes.

### FASE III- Recompilación e análise de datos

A raíz dos resultados obtidos, obsérvase unha gran diferenza nas listaxes finais, independentemente dos criterios de busca.

As listaxes confeccionadas conteñan entre oito ou nove libros cada unha. Se as comparamos entre elas, hai un 50% de coincidencia de autor/libro e un 10% de coincidencia do mesmo autor, pero cun libro diferente, tal e como se pode ver na gráfica. Sobresaen os nomes de Antía Yáñez, An Alfaya, Xurxo Borrazás e Emma Pedreira, presentes en todas as seleccións.



A diferenza entre a comparativa de selección de libros e libros premiados é aínda máis grande. Só se observa un 10% de coincidencia coas buscas anteriores e un autor en comúns en todas as buscas, Leticia Costas, aínda que con libros diferentes, sendo “Os fillos do mar” e

“Veleno” os máis comúns.



Mención aparte teñen os clásicos galegos reeditados, que non entran en ningunha das categorías anteriores.

#### Fase IV- Outras experiencias de manexo coñecidas

O chat GPT é a primeira experiencia de manexo dunha ferramenta de Intelixencia Artificial. Para realizar buscas e recompilación de información utilizábanse os navegadores web máis coñecidos, Google Chrome, Firefox, Safari e Microsoft Edge, e logo sintetizo os resultados.

#### Conclusións sobre a utilidade da ferramenta

- O uso do chat GPT para recomendacións e seleccións recolle demasiados resultados diferentes, independentemente dos criterios de busca. Cada busca xera un texto distinto, lixeiramente modificado con respecto ao anterior, pero incompleto.
- Non se pode utilizar como un navegador tradicional nin tampouco como unha fonte de coñecemento fiable, xa que pode ofrecer resultados algo equívocos, como sucedeu neste traballo cos clásicos galegos reeditados.
- Segundo a propia descrición da ferramenta, o chat GPT é un modelo de linguaxe que foi adestrado nunha gran cantidade de texto na internet para responder a preguntas e xerar texto de maneira autónoma, o que non significa que o texto xerado sexa o adecuado ou

correcto. Para isto, hai que elaborar unhas instrucións específicas que expresen o que se quere atopar na busca.

### **Aprendizaxes adquiridas**

- Afianzamento dos coñecementos sobre o manexo do chat GPT.
- Organización e planificación dunha tarefa escolar.
- Redacción de informes.

## *A utilidade da intelixencia artificial na transmisión de información e a composición de textos*

A Intelixencia Artificial está a revolucionar o xeito en que interactuamos coa tecnoloxía e como podemos utilizala no noso beneficio. Xa se nos está vendendo a súa utilidade nos chats en liña e mesmo como sistema de recomendación, o que podería cambiar para sempre a forma en que buscamos información e nos comunicamos cos demais.

Tomemos como exemplo o famoso chat GPT, unha ferramenta de Intelixencia Artificial baseada no modelo de linguaxe natural, que está resultando ser un aparello moi socorrido para a procura de información e a composición de textos, sobre todo na comunidade estudantil. Atopámonos diante da panacea universal do estudante ou do pesadelo do profesorado?

Se ben é certo que a educación debe incluír estas novas ferramentas tecnolóxicas e preparar aos estudantes para que sexan capaces de usalas, hai que ter en conta que o Chat GPT é unha tecnoloxía moi recente e aínda ten limitacións para comprender o contexto e a intención do usuario. De feito, non sempre proporciona respostas precisas a preguntas específicas. Olvídasenos que é un xerador de linguaxe con acceso a unha gran cantidade de datos, nin máis nin menos.

Poñamos por caso que queremos facer unha busca baseada nunha selección ou nunha recomendación. A resposta recolle demasiados resultados diferentes e incompletos, independentemente dos criterios de busca. Isto implica que non se debería recorrer ao chat como unha fonte de coñecemento fiable a cento por cento, xa que pode ofrecer, e ofrece, resultados equívocos ou irrelevantes para a pregunta que se lle está facendo. Para que se achegue a un ideal de resposta, hai que elaborar unhas instrucións específicas, e cruzar os dedos para ver se a máquina é quen de interpretalas correctamente. Ademais, certo tipo de preguntas pode ter unha ampla variedade de respostas. Onde se pon o límite?

En conclusión, as ferramentas de Intelixencia Artificial como o chat GPT poden axudar a perfeccionar certos aspectos da procura de información e da composición de textos. Porén, hai que ter moi en conta as súas limitacións. O seu potencial aínda se atopa nas primeiras etapas de desenvolvemento, como quen di, en cueiros. Con todo, fáltalles tempo para que boten a andar soas. No uso destas novas tecnoloxías bótase en falta unha análise crítica dos datos, papel reservado, polo momento, ao ser humano.



Materia: Lingua Galega  
Profesor: Luciano (Xano) Fernández  
Alumno:   
Curso: 1º  
Data: 07/05/2023



## ACERCAMENTO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS, EN CONCRETO, AO CHAT GPT.

### Índice:

1. Obxectivos da experimentación coa intelixencia artificial.
2. Instrucións empregadas.
3. Peticións dadas ao Chat GPT.
4. Resultados acadados.
5. Experiencias de manexo.
6. Conclusións sobre a utilidade da ferramenta.

### Introdución:

Traballo de carácter académico, destinado ao desenvolvemento das capacidades do alumnado, entre elas a aprendizaxe de novas tecnoloxías e a ganancia de experiencia na creación de textos, coma este informe que está vostede lendo.





## 1. Obxectivos da experimentación coa intelixencia artificial.



Como un dos obxectivos principais podemos citar a aprendizaxe en ámbitos tecnolóxicos, que van marcar o noso futuro, ámbitos que están facendo xa acto de presenza no futuro mais próximo.

Esta experimentación tamén nos serve para ter un punto de vista, unhas ideas, ou uns coñecementos mais concretos acerca deste tema, que parece sacado dunha película. Fai uns anos, este tipo de interaccións con máquinas tan só aparecían ante nós en filmes de ciencia ficción, que o que pretendían era evadirnos da nosa realidade para pasar un rato agradable lonxe de preocupacións. Mais agora é real, a intelixencia artificial chegou a nós para quedarse, como con todo na vida é preciso evolucionar a base de aprendizaxe para non quedar obsoletos. É necesario que adquiramos competencias no manexo destas tecnoloxías porque nunca vamos saber si nos van a resultar útiles nalgún momento.

Por estes motivos comezamos a nos interacción coa intelixencia artificial, comunmente coñecida como IA.

## 2. Instrucións empregadas.

Para comezar a traballar con esta ferramenta é tan sinxelo como utilizar o buscador de google para atopar a páxina web de Chat GPT, ([Introducing ChatGPT \(openai.com\)](https://openai.com)).

Nela vamonos atopar dous tipos de Chat diferentes, un gratuíto chamado ChatGPT e outro de pago, ChatGPT Plus.

É necesario cubrir unha serie de datos persoais como: correo electrónico, data de nacemento e número de tlf móbil.

A continuación van mandar ao tlf móbil un código de verificación para poder acceder finalmente ao Chat.

Previo ao uso da ferramenta, na propia páxina, aparece unha vista previa que nos ofrece unha serie de información e avisos que hai que ter en conta. Avisa nos con antelación de que o sistema conta con medidas de seguridade mais iso non quita que poida xerar ocasionalmente información incorrecta ou enganosa.

Na seguinte lapela conta nos un pouco como recopilan a información e advirten que non compartamos ningunha información de carácter persoal nas conversacións coa máquina. Por último aparece unha páxina na que se concretan exemplos de posibles preguntas, as capacidades do sistema e as súas limitacións. No apartado de limitacións comentase que a IA ten un coñecemento limitado do mundo e dos eventos a partir do ano 2021. Despois de ver isto xa podes comezar a interactuar co Chat.

### 3. Peticións dadas ao Chat GPT.



#### Tema: Coñecemento de linguas.



Ola, boas noites, sabes en que idioma che estou escribindo?



Olá! Com base no seu uso das palabras "ola" e "che", parece que você está escrevendo em português brasileiro.



Non acertaches, estou escribindo en galego.



Peço desculpas pelo erro. Pela palavra "ola", inicialmente assumi que você estava escrevendo em português brasileiro. Agora entendi que você está escrevendo em galego, uma língua falada principalmente na Galiza, no noroeste da Espanha.



Podemos continuar falando tan só en galego? Pareceche?



Claro! Podemos continuar conversando apenas em galego. Ficarei feliz em ajudá-lo no que for preciso.



Regenerate response

Send a message.



Free Research Preview. ChatGPT may produce inaccurate information about people, places, or facts. [ChatGPT May 3 Version](#)

#### Tema: Deportivo.



fala en castellano



Por supuesto, ¿en qué puedo ayudarte hoy?



a partir de agora fala tan só en castelán



Por supuesto, puedo continuar hablando solo en castellano. ¿En qué puedo ayudarte hoy?



Sabes quen foi o gañador do último mundial de futbol que se xogou en qatar?



El último Mundial de Fútbol aún no se ha celebrado, el próximo Mundial de Fútbol de la FIFA se jugará en Qatar en el año 2022. Sin embargo, el ganador del último Mundial de Fútbol, que se jugó en 2018 en Rusia, fue la selección de Francia.



Regenerate response

Send a message.



Free Research Preview. ChatGPT may produce inaccurate information about people, places, or facts. [ChatGPT May 3 Version](#)

#### 4. Resultados acadados.



En canto aos resultados podemos dicir que non foron demasiado bos. Como xa nos comentaron na vista previa da páxina, o sistema pode ter información incorrecta, enganosa ou contar con limitado coñecemento do ano 2021 en adiante.

Isto quedou comprobado rapidamente nas primeiras mensaxes da conversa, (Tema: Coñecemento de linguas.). Formuleille unha pregunta en galego preguntando si era capaz de recoñecer en que idioma lle escribía, mais o programa respondeu que eu estaba a escribir en portugués. Sendo en contadas ocasións as veces que lle pedín que mudase do portugués ao galego, sen éxito algún. A contestación remitíase a dicir que si, que sen ningún problema podería falar-me en galego, mais seguía-o facendo en portugués.

Con isto deduzo que o Chat GPT ten competencias para poder desenvolverse en diferentes idiomas, mais as linguas que están moi próximas nas súas raíces, como o galego e o portugués, que teñen parecidos razoables, resultalle bastante difícil diferencialas.

No segundo exemplo exposto neste informe, (Tema: Deportivo.), o que fixen foi preguntar acerca dun tema de relativa actualidade como é o mundial de fútbol masculino, que se disputou a finais do ano 2022, co fin de forzar a máquina e así saber o nivel de actualización do sistema. Como xa nos avanzaran anteriormente, os seus coñecementos a partir de 2021 son escasos, e quedou demostrado vendo a resposta que me da con respecto ao mundial de Qatar.

#### 5. Experiencias de manexo.

Cabe destacar que na realización desta actividade mellorei as miñas competencias tecnolóxicas, en concreto as do Chat GPT, unha aplicación que nunca utilizara pero que me resultou moi sinxela de comprender, no que a funcionamento se refire. Fácil de manexar e moi intuitiva, apta para xente con mínimos coñecementos tecnolóxicos.

#### 6. Conclusións sobre a utilidade da ferramenta.

As limitacións de información, no que a proximidade temporal se refire, e os múltiples fallos restrinxen en gran medida o rango de utilidade desta ferramenta, que queda recluída a un par de usos simples onde resulta complicado que cometa erros. Como por exemplo preguntas do tipo: Que é un verbo? Que é unha sinalefa? Que é un Beagle?

Neste tipo de preguntas o Chat redacta un texto no que che explica os términos detalladamente incluíndo información complementaria, que seguramente pasase desapercibida para un buscador común. A principal vantaxe é que a información aparece redactada moi decentemente, como si o escrito dunha persoa se tratase, facilitando o traballo a persoas que precisen responder este tipo de cuestións o antes posible de xeito claro e ordenado.

Conclusión, a ferramenta resulta útil, mais só en certos casos. Por este motivo hai que utilizala con coidado e sin abusar dela, non podemos esquecernos que se trata dunha máquina que continúa mellorando se día a día.



## ARTIGO DE OPINIÓN

Por:

Resulta imposible negar que, na actualidade, as novas tecnoloxías son o motor do noso planeta. Nestes momentos poucos campos profesionais e sectores da sociedade se desvinculan da tecnoloxía e a informatización. Entre os novos avances tecnolóxicos apareceu a Intelixencia Artificial, comunmente coñecida como IA, unha ferramenta que se auto denomina como capacidade que teñen as máquinas de simular a intelixencia humana. Agora ben, nestes momentos, a intelixencia artificial é inútil e incapaz de substituír os coñecementos humanos e a compañía humana. Numerosos e continuos erros son a base desta tese que pon en dúbida a utilidade da IA.

Non foi preciso afondar moito na realización deste traballo de estudo, acerca do Chat GPT, para decatarnos das cuantiosas erratas e limitacións do programa. A pesar de contar cun funcionamento moi sinxelo de cara ao público os seus resultados non son de todo gratificantes. Tan só foi necesaria a primeira conversación para poñer en dúbida a capacidade do sistema de cara o recoñecemento de linguas. Nun primeiro momento pídeselle que recoñeza a lingua na que estou a escribir, e faino erroneamente contestando que lle estou a escribir en portugués. Logo diso consulto lle se pode cambiar a galego e afirma me que si, que sen ningún problema pode tornar ao galego, mais continua utilizando o portugués. Isto deixa en evidencia a carencia de razoamento das máquinas. Poden se observar as probas visuais da conversación coa intelixencia artificial, que mostran este exemplo en concreto, nun informe redactado por min mesmo. (Consultar arriba).

Seguindo con exemplos de estudo propio, procedemos a comprobar as limitacións de información. Nun primeira momento, a aplicación advírtenos dos seus limitados coñecementos a partir do ano 2021. Tendo isto en conta córrese preguntando a cerca dun tema de relativa actualidade, o gañador do mundial de fútbol masculino que se disputou a finais do ano 2022 en Qatar. Ante esta cuestión a intelixencia artificial carece de resposta porque cree que a proba aínda non se disputou, e facilítanos información acerca do gañador do pasado mundial. Isto demostra que a IA se atopa desactualizada e limitada en canto a respostas, respostas que podemos atopar en calquera buscador común ou simplemente preguntado a persoas aficionadas ao mundo do deporte.

Outro inconveniente da IA sería a nula capacidade de sentir, carece de sentimentos e emocións, o que elimina a posibilidade de manter conversacións o mais parecidas a unha conversación real entre persoas. Penso que esta ferramenta podería axudar a expresarse a persoas moi introvertidas que son incapaces de dicir como se senten ou o que están a pensar. Co formato que ten agora mesmo o Chat GPT, que se basea na mais pura obxectividade, resulta complicado manter conversacións persoais, lonxe de respostas científicas que podes atopar na wikipedia.

Así mesmo o programa tamén comete continuos erros en temas de literatura, como poden ser os títulos das obras e autores, mesturando información ou incluso inventando a que non coñece.

Podedes atopar probas de casos coma este na rede, por exemplo neste vídeo do usuario “neumatiko”: [\(1\) Falo com INTELIGÊNCIA ARTIFICIAL sobre LITERATURA GALEGA | ChatGPT recomenda obras em galego – YouTube](#)

Vistos os argumentos previos, teño a certeza de afirmar que, nestos momentos, a IA é inútil e incapaz de substituír os coñecementos e compañía humana. Non podemos concederlle o valor de utilidade a unha ferramenta que non resulta fiable, e que pode levarnos a confusións e enganar.

Como lle vamos dar valor á produción dun programa que ten erros constantes?

Se por cada texto ou cuestión que lle formulamos ao Chat GPT debemos andar comprobala información, para saber si é correcta ou incorrecta, non nos merece a pena utilizala ferramenta.

Por outra parte non se lle pode quitar mérito á capacidade que ten o sistema de redactar escritos con tanta rapidez e claridade, é digno de admirar.

En definitiva, se o Chat GPT quere contar con utilidade para as persoas debe mellorar en múltiples aspectos, que non son nada fáciles de conseguir, mais cos avances tecnolóxicos futuros teño por seguro que acabaran chegando.